

O ENTROIDO

2021



**CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE
A CORUÑA**



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

O ENTROIDO GALEGO

O Entroido celébrase en toda Europa dende épocas descoñecidas. Algúns pensan que a súa orixe está nas tradicións celtas e outros afirman que se pode atopar na adoración ao deus Baco.

Coa chegada do cristianismo moitas das festas pagás foron cristianizadas. Así, esta celebración, que posiblemente tiña o seu significado na despedida dos longos e duros días do inverno, mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma (corenta días antes do Domingo de Ramos) que comeza o Mércores de Cinza.



No Entroido tradicional galego distínguense varias celebracións segundo pasa o tempo:

DOMINGO FARELEIRO ou **BORRALLEIRO** (Bótase farelo ou borralla sobre a veciñanza)

XOVES DE COMPADRES E COMADRES (Loita simbólica entre homes e mulleres representada nun boneco)

DOMINGO CORREDOIRO (Bótase auga, formigas, terra, fariña... sobre os miróns)

DOMINGO, LUNS e MARTES DE ENTROIDO (Son os días da festa grande)

ENTERRO DA SARDIÑA (Quéimase ou bótase á auga o entroido)

DOMINGO DE PIÑATA (Último día no que se poden facer entroidadas)

ACTIVIDADES

1. Dende cando se celebra o entroido en Europa?

2. Nas tradicións de que pobo pode estar a orixe do entroido?

3. Que é o que non deben comer os cristiáns no período da Coresma?

4. Saberías relacionar cada celebración co que se fai en cada unha delas? Une e colorea da mesma cor.

**DOMINGO
CORREDOIRO**

BÓTASE FARELO SOBRE A
VECÍNANZA.

**DOMINGO
FARELEIRO**

QUÉIMASE OU BÓTASE Á
AUGA O ENTROIDO.


**XOVES DE
COMADRES**

BÓTASE FARIÑA, FORMIGAS,
TERRA... AOS MIRÓNS.

**ENTERRO DA
SARDIÑA**

LOITA SIMBÓLICA ENTRE
HOME E MULLERES.

5. Resolvemos este encrucillado sobre o entroido galego?




HORIZONTAIS

1. Casca esmiuzada do gran moído, separada da fariña que se bota sobre a veciñanza o domingo fareleiro.
2. Deus que se adoraba e do que se cre que foi a orixe do entroido.
3. Alimento que os cristiáns non comen durante a Coresma.
4. O que se fai coa sardiña ao remate das festas do entroido.
5. O domingo fareleiro tamén se chama domingo...
6. Un dos tres días grandes do entroido: domingo, luns e...
7. Persoas sobre as que se botan formigas o domingo corredeiro.
8. Insectos que se botan sobre os miróns o domingo corredeiro.
9. É o día dedicado aos compadres e ás comadres.

1. FARELO 2. BACO 3. CARNE 4. ENTERRO 5. BORRALLEIRO 6. MARTES 7. MIRÓN 8. FORMIGAS 9. XOVES


OS MANDADIÑOS

En moitos colexios galegos, durante a semana do entroido, están triunfando os mandadiños. Pero... que son os mandadiños? Pois disfraces ou adornos que hai que traer cada día da semana. Ti que mandadiños poñerías para o alumnado do teu colexio?




OS MANDADIÑOS

1.- Que mandadiños hai para cada día do entroido? Colorea da mesma cor o día e o mandadiño.





○ CREBACABEZAS (1)

1. Poderías compoñer este crebacabezas do entroido?





O CREBACABEZAS (e 2)



LABIRINTO

1. Que camiño ten que seguir Florindo para coller a carauta?



O ENTROIDO PRIMITIVO

A FESTA DOS DISFRACES CELEBRÁBASE LANZANDO OVOS E AUGA.

Xosé Alfeirán, La Voz de Galicia, 3-11-2013

Na primeira metade do século XIX, todos os anos polo entroido as autoridades de A Coruña publicaban un bando. Nel recollían diferentes disposicións e prohibicións coas que se pretendía canalizar as diversións entroidadeiras. Era inútil.




Unha gran parte da poboación facía caso omiso desas prevencións e seguía practicando o antigo costume popular de enfariñar e enchoupar a todo canto se atrevese a andar eses día polas rúas.



Así o lembraba o diario *Ilustración de La Coruña* en 1862: Áa calquera tranquilamente paseando, e ... zas, zas! Sen saber como nin de onde recibía o infeliz transeúnte sobre a súa cara e roupas unha descarga pechada de ovos, de petardos e fariña, que o poñían como novo; quería afastarse a un lado, e de súpeto, en medio de ruidosas risas, desplomábase enriba do sombreiro do noso individuo unha ferverza pouco menos caudalosa ca do Niágara; entón a xema e clara do ovo, combinadas coa fariña a favor daquela molladura, facían do transeúnte en cuestión, e doutros innumerables mártires, unha especie de mazapán recheo de carne humana.

ACTIVIDADES

1. A que período de tempo se refire o relato do entroido primitivo?



2. Que é un bando? Copia a definición correcta.




BANDO: _____


3. Que pretendía o bando que publicaron as autoridades de A Coruña polo entroido?

4. Que dous costumes practicaban a maioría dos veciños de A Coruña no entroido da súa cidade?


5. Arrodea e coloreas as catro cousas que lle podían caer a calquera paseante polas rúas de A Coruña durante o entroido.



6. Como te imaxinas que quedaría o paseante despois de ser «enfariñado» e «enchoupado». Debúxao e coloréao.



7. As palabras deste encrucillado aparecen todas no texto do entroido coruñés. Saberás resolvelo?



HORIZONTAIS

1. Parte amarela dos ovos das aves.
2. Desnivel brusco ou pronunciado no leito dun río onde se precipita a auga. Cadoiro, ruxidoira, salto ...
3. Peza de artificio pequena, con pouca cantidade de explosivo, que fai moito estrondo ao estoupar.
4. Manchar ou cubrir de fariña.
5. Cidade na que pasan os feitos que se narran no texto.
6. Po que se obtén ao moer os grans de certos cereais, quitándolles o farelo ou relón.
7. Mandato ou decreto publicado pola autoridade ou documento no que se publica este mandato.
8. Mollar unha cousa de xeito que quede totalmente penetrada dun líquido. Mollar moito.

1. XEMA 2. FERVENZA 3. PETARDOS 4. ENFARIÑAR
 5. CORUÑA 6. FARIÑA 7. BANDO 8. ENCHOUPAR

TEXTOS

O ENTROIDO

LAURA SOBRINO GALEGO, SEXTO A

Había unha vez uns nenos chamados Laura e Xoán que vivían nun pobo. Pola mañá viron que se mudaba un veciño novo.

Foron presentarse, pero cando se asomaron atopáronse a todos disfrazados. Eles preguntáronse a si mesmos:

-Que é toda esta trangallada?

O veciño mirounos e dixo:

-Eu chámome Iván. E vós como vos chamades?

Eles respondéronlle:

-Eu son Laura.

-E eu Xoán.

Laura preguntoulle a Iván:

-Por que andas disfrazado?

El contestoulle:

-Porque hoxe é o entroido e como vexo que non sabedes

o que é, vouvolo explicar. É o día no que os nenos, nenas e maiores xogamos, saltamos, bailamos, cantamos ... e o máis importante, disfrazámonos.

Iván convidounos a ir de troula con el. E eles aceptaron.

A Laura e a Xoán encantoulles o entroido.



O PRIMEIRO ENTROIDO DE VILANOVA

SARA, SEXTO A

Había unha vez, hai moitos anos, un pequeno pobo chamado Vilanova. Este pobo non era como calquera pobo do mundo, era súper apagado e triste. Non había nenos, a verdade é que NUNCA apareceran por Vilanova.

Un día apareceu por alí unha nena e seus pais.

A nena chamábase Icíá, era de Vilagarcía, un pobo que era todo o contrario ao que dixemos de Vilanova.

Icíá non coñecía o pobo pero cando o viu quedou un pouco triste.

-Nai, este pobo está moi apagado, tristeiro, non hai nenos ... -díxolle Icíá á súa nai.

-Xa o sei, miña nena, pero non podemos facer nada -díxolle súa nai.

-Ti dis que non, pero nada é imposible. Colleremos flores, globos, música e diversión -retrucoulle a nena.


-Pois entón imos deixar a praza de Vilanova aínda máis fermosa que a de Vilagarcía.

Chegou o día do Entroido na praza de Vilanova. Icíá e seus pais xa tiñan preparado todo na praza, e... A BAILAR!

Os tres puxéronse a bailar e os veciños, aos poucos, foron baixando á praza e cambiaron esas caras sosas que tiñan.

Como diría Icíá: disfrazados de loito!

Vilanova, de agora en adiante, só será un pobo feliz de veteranos anciáns.



O ENTROIDO CON ANTÓN —

SARA, SEXTO A

Xa están rematando as vacacións de Nadal e todos estamos pensando no entroido. Non falta nada e temos que organizalo todo antes de que comece o colexio e vaíamos cada un para o seu pobo.

Este ano os pais de Antón convidáanos a celebralo na súa casa. Viven en Laza. E din que hai moita festa e moi diferente á doutros sitios. Todos xuntos ímolo pasar xenial!

Antón explicounos que prepararemos uns disfraces moi divertidos, que súa nai se encargará de preparalo todo para que cando cheguemos traballemos neles.



Uns días antes do entroido, chamoume Antón dede Laza: contábame que íamos ir a unha festa moi divertida pero que debía levar algo que me cubrira o corpo e que non deixara entrar ningún obxecto por moi pequeno que fora dentro. Que intriga!, non me quere contar nada. Pasei o resto dos días pensando de día, de noite... ata que a profesora chamou á casa para dicir que non estaba atendendo no colexio e case me quedo sen entroido.

Chegou ese día, todos xuntos íamos para a praza onde quedamos cuns amigos de Antón. Íamos todos vestidos con fundas azuis ou brancas e unhas puchas unidas ás fundas. Para que nos precintaría tanto o pai de Antón? escoitábase moito barullo. uns ían para a praza e outros marchaban para a zona do mercado. Chegamos á praza da Picota e Antón díxenos:

-Ata aquí, rapaces. Agora tócame marchar e a vós quedar. Estes son Xan e Rufa, eles van estar con vós nesta festa, a nós tócanos axudar a preparalo todo. Gozade moito e logo xa falamos.

Agora si que estaba nervioso. Había moito ruído e a xente empurrábanos. Eu preguntábame:

-Que vai pasar?

Que nervios!

De súpeto alguén dixo:

-Aí vén a Morena. Preparádevos!

Aló, polo fondo da rúa, vin unha capa marrón e uns cornos, moita xente con sacos e parecía que botaban fariña. Non me deron tempo a reaccionar cando Nicolás dixo:

-Xa están aquí! Ai, ai... que noxo. tiran barro! Correde nenos, veñen a por nós!

Xa era tarde. Sentín que polo meu pescozo escorregaba algo, algo que me roía. e escoitei a voz de Antón:

-A por estes! Axudádeme!

Botamos a correr todos envoltos por unha nube de fariña e terra. Xa non nos viamos uns aos outros, cando unha señora me dixo:

-Toma, bota ti tamén, non só vas recibir.

E vaia sorpresa levei... entre a fariña había formigas enrabiadas. Non sabedes como roían. Corrín detrás da xente e botei moita fariña con tropezóns.

Que ben o pasamos! Cando chegamos á casa de Antón non nos coñecíamos, estabamos cubertos de fariña, terra e formigas. O pai de Antón lavounos coa manguera e logo contamos cada un a súa experiencia ao carón do lume.



MARTÍN E O SEU PRIMEIRO ENTROIDO



NICOLÁS FERNÁNDEZ CAÑÁS, SEXTO A

Martín é un neno de tres anos moi tímido. Carme, a súa mestra, faloulles do entroido e toda a rapazada disfrazouse de abellas e xoaniñas.




A Martín non lle fixo ningunha gracia todo iso do «entroido». Non lle gustaba.



O día do festival do entroido na escola, díxolle á súa nai que non se atopaba ben. Non quería ir ao festival. Non quería disfrazarse. Martín quedou na casa.

Pola fiestra do se cuarto podía ver o patio da escola. Viu aos seus compañeiros e compañeiras que bailaban, cantaban e gozaban, todos disfrazados no festival. Estaban sorrindo, moi ledos.




Pensou que non fora tan boa idea a de ficar na casa e non estar cos demais no entroido.

Martín díxolle a súa nai se podería ir á escola. E así foi. Ao chegar, Carme púxolle o seu disfrace e Martín bailou, cantou e gozou moito.

Pola tarde, foron merendar: filloas, rosquillas e orellas.

Martín pensou:

-Que fermoso é o entroido! Quero disfrazarme todos os anos e ter esta lembranza cos meus amigos!



MARCOS E O PAÍS DO ENTROIDO

VÍCTOR LUCA C. G., SEXTO A

Hoxe imos viaxar ao pasado, máis ou menos a 1592. Si, hai uns 429 anos. Imos coa viaxe...

Hai 429 anos, vivía un neno chamado Marcos. Tiña uns once anos. Era un neno inqueda, moi intelixente, mais o que mellor sobresaía del era un gran corazón. Cando un amigo tiñ a problemas, el acudía na súa axuda. A Marcos encantáballe o Entroido. Cando o día se achegaba, el xa o tiña preparado todo, ata aprendeu a cociñar todo tipo de comidas do entroido.

Un día de Entroido, Marcos atopou un misterioso burato no aire. Era das cores do arco da vella. Marcos, cheo de curiosidade, atravesouno. ao outro lado do burato había un mundo cheo de cor, había unha chea de animais que xogaban, paseaban... ata falaban! Marcos estaba tan



abraiado que non se decatou de que o miraban. Cando voltou en si, veu que tiña diante un oso grande e de aspecto elegante.

-Ola, eu son Robear, o alcalde deste fermoso país. E agora dime que fas aquí, no país do Entroido?

Marcos tardou en responder pola impresión.

-Eu son Marcos. Non me equivoco moitas veces, pero creo que cheguei

aquí ao pasar por un burato...

Entón o alcalde falou para todos os presentes:

-Alguén abriu o burato do Entroido. Hai que pechalo. Se un humano ao que non lle guste o Entroido pasa, o noso mundo desaparece...

Marcos non podía permitilo, encantáballe este mundo. Entón decidiuse. El ía axudar. Facíase de noite. Marcos non tiña onde ir, pero pouco despois atopouse cunha coella que aceptou encantada deixarlle durmir na súa casa.

A casa da coella era moi grande, moi bonita e tiña un ambiente moi agradable. A coella tiña moitas fillas que sempre xogaban con Marcos e gozaban moito, mais sobráballe tempo para intentar atopar o modo de pechar o burato. Marcos inventaba cousas e todas funcionaban moi ben, pero non sabía que facer para pechar o burato.

Ao día seguinte, Marcos estaba moi canso, pasou toda a noite pensando en como protexer o país do Entroido e, ao mesmo tempo, como botar algo ao furado e que o traspasara, porque el intentaba pasalo e tirábao cara atrás.

Marcos non podía máis, rendíase, pero o peor estaba por chegar.

Ao día seguinte todos viron unha perna pasando polo burato. Marcos recoñeceuna axiña, era do seu curmán Pepe. E Pepe odiaba o entroido. Case de súpeto, cando Pepe pousou o pé no chan, o mundo no que agora vivía Marcos desapareceu. Marcos pechou os ollos para non ver todo o que ocorría. Cansouse de ter os ollos pechados e abriunos, e, para a súa sorpresa, estaba na cama. Sería un soño? Ou non, poque xuraría que vira un diminuto burato cando mirou pola fiestra, que despois desapareceu.



ENTROIDO ENCRUCILLADO

LUCÍA PÉREZ ROCA, SEXTO A

Érase unha vez unha nena e un neno, chamados Ester e Xoán, que vivían nunha casa dunha árbore.

Un día, Ester estaba lendo o xornal cando atopou unha invitación que dicía:

Estades todos convidados a unha festa no Pazo Real!

*Teredes que vir disfrazados con traxes relacionados co **NTIODERO**.*

Ester chamou a Xoán e ensinoulle a invitación. El tampouco entendía esa combinación de letras. Estiveron pensando e pensando e... Xoán tivo unha idea!

Dixo que aquilo era un encrucillado e que había que descubrir a palabra oculta. Probaron e probaron, ata que Ester atopou a palabra, que era...

ENTROIDO !

Resolveran o encrucillado, e agora xa podían ir á festa. Os dous amañáronse e foron correndo disfrazados de choqueiros,



O MELLOR DISFRACE

LAURA L., SEXTO A

Os nenos de 4º de infantil teñen que disfrazarse de animais. Teñen que mercar o disfrace do animal que eles queiran.

Helena foi rápido á casa para contarllo a súa nai.

Helena díxolle:

-Mamá, hai que mercar un disfrace para o entroido. Ten que ser do animal que nós queiramos.

Díxolle a nai:

-Helena, xa sabes que non temos cartos para mercar nada que non sexa necesario.

Ao día seguinte Helena foi ao colexio sen ningún disfrace. Todos os nenos ríronse dela e Helena púxose triste. A mestra preguntoulle porque non o trouxera e Helena contoulle o problema.

Á mestra deulle pena e levouna a unha sala na que había moitos disfraces.

Deixoulle que escollera o que quixera. Helena disfrazouse de gato e estaba moi contenta. Cando entrou na aula, pararon de rirse dela. Ese disfrace non o tiña ningún outro neno. Fixeron a actuación moi ben.


Helena deulle o disfrace á mestra, pero ela díxolle que se quedara con el. Toda contenta co seu disfrace, foi para a súa casa. A nai preguntoulle de onde o sacara e Helena díxolle que llo dera a súa mestra.

Non sacou o disfrace ata a noite. Ao día seguinte volveuno a poñer, porque nunca tivera outro antes.




CARAUTAS


UN MONO




UN ELEFANTE




UN LEÓN



OUTRO MONO



A CAVEIRA



O PORQUIÑO

